



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	TEORÍAS DO ESPECTÁCULO I
DISCIPLINA	Teorías do espectáculo e da comunicación
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Escenografía
ITINERARIO	Todos
CURSO	1º
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Teoría e Historia das Artes Escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Inmaculada López Silva
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Inmaculada López Silva, Santiago Prego Cabeza</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: T4</p> <p>Contacto: inna.lopez.silva@edu.xunta.gal ; santiprego@edu.xunta.gal</p>
DESCRICION	Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da interpretación. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos antropolóxicos e sociolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodolóxicos da crítica.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Saber achegarse de xeito crítico, tanto por oral como por escrito, a calquera texto de orde ensaística, tanto literario coma xornalístico, teórico ou filosófico, sobre as artes do espectáculo. Coñecementos básicos de filosofía (nivel Bacharelato).
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECIFICAS DA ESPECIALIDADE	
EE3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EE5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.



3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Coñecer aspectos básicos das teorías sobre a comunicación e a comunicación humana		EE3, X6, X7, T3, T8	
2. Aplicar as teorías e modelos da comunicación áos procesos de creación e recepción artística, escénica e audiovisual.		EE3, X5, X7, T3, T14.	
3. Comprender os procesos básicos na recepción artística e na construción do significado.		EE3, X6, X7, T8, T3	
4. Coñecer aspectos básicos nos procesos de consumo cultural, prestando especial atención aos públicos das artes escénicas.		E3, X6, X7, T8, T14	
5. Coñecer, analizar e comprender o rol do espectáculo na sociedade actual.		EE3, X5, X7, T3, T8, T14	
6. Analizar e valorar os elementos e procesos por medio dos que se configura o espectáculo e a súa incidencia na esfera social e individual.		EE2, X6, X7, T14	
7. Analizar e valorar os espectáculos na súa dimensión social e cultural, na perspectiva da Socioloxía e a Antropoloxía.		EE2, X6, X7, T8	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIONS 2hs	
1. Aproximacións ao concepto de espectáculo desde a perspectiva da Socioloxía	1.1. Socioloxía da vida cotiá. 1.2. Anomia 1.3. Teoría da recepción	12	
2. Aproximacións ao concepto de espectáculo desde a perspectiva da Antropoloxía	2.1. A liminalidade 2.2. O proceso dos espectáculos 2.3. Concepto e tipoloxía dos espectáculos	12	
3. As artes escénicas desde unha teoría crítica	3.1. Entre a definición semiolóxica do teatro e a teoría crítica. 3.2. Conceptos de Dramaticidade, teatralidade e audiovisualidade na súa relación co labor escenográfico. 3.3. A creación dun mundo posíbel desde a escenografía: teorías da ficción e utilidades socioculturais.	12	
4. As artes escénicas e as teorías sistémicas. Aproximación ao sistema teatral galego.	4.1. Campo cultural e Sistema teatral. 4.2. Aspectos básicos do sistema teatral. O caso galego. 4.3. Políticas no ámbito das artes escénicas.	12	
TOTAL SESIONS			48
A materia é impartida por dous docentes que reparten os temas como bloques individuais que serán impartidos simultaneamente e avaliados por separado por cada un dos docentes. Santiago Prego impartirá os temas 1 e 2, e Inmaculada López Silva, impartirá os temas 3 e 4.			
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral (con ou sen Moodle)	38		38
Práctica colectiva (Debates de aula)	12		12
Actividades complementarias (Estudo persoal, lecturas, Moodle)		66	
Tutorías individuais	2		2
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Revisión	1		1
TOTAL	55	66	121
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de fornecer na aula e directamente os contidos conceptuais mínimos da disciplina.		
Debates	O alumnado comentará e analizará nunha perspectiva crítica e reflexiva cuestións cunha orientación teórica, metodolóxica e práctica, cuestións vinculadas cos contidos da materia.		
Traballos tutelados	A fin de cada tema, o/a docente poderá solicitar do alumno/a un ensaio de non máis de cinco páxinas a partir dalgún tema proposto. Tratarase de que, alén do aprendido,		



	manexe outros materiais alén dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc.	
Exames	Á fin de cada tema ou subtema, o/a docente poderá solicitar a realización dunha proba escrita sobre os contidos da materia que non fosen avaliados a través de traballos.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Titoría individual obrigatoria	Sesión de traballo individualizada para a orientación de cuestións relativas ao traballo tutelado.	
Outras titorías	Seguimento, segundo as necesidades de cada estudante, da evolución do proceso de aprendizaxe, incidindo personalizadamente, se for necesario, nos aspectos que requiran reforzo.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Dado que a materia é impartida por dous docentes que reparten os temas como bloques individuais, cada un dos docentes realizará a súa propia avaliación. A cualificación final será o resultado da media das cualificacións de cada docente, unha vez reunidos para analizar individualmente a avaliación de cada estudante. Sinálase a continuación o formato de avaliación que aplicará cada un dos docentes.		
REQUISITOS DA AVALIACIÓN ORDINARIA PARA OS TEMAS 1 E 2 (PARTE IMPARTIDA POR SANTIAGO PREGO)		
Participación e traballo na aula	T3, T4, T14, X3, X8, EE2	5%
Probas a fin de cada tema	T1, T4, X3, X8, EE2, EE3	30%
Exame final que constará de 10 preguntas de resposta breve	T1, T4, X3, X8, EE2, EE3	65%
REQUISITOS DA AVALIACIÓN ORDINARIA PARA OS TEMAS 3 E 4 (PARTE IMPARTIDA POR INMACULADA LÓPEZ SILVA)		
Participación e traballo na aula	T3, T4, T14, X3, X8, EE2	5%
Traballos tutelados eventuais Con carácter obrigatorio, pero só se a docente así o determina, o alumnado deberá realizar á fin de cada tema, un traballo sobre unha cuestión proposta. Tratarase de que, alén do aprendido, se manexen outros materiais alén dos fornecidos na aula, como libros teóricos, materiais en rede, artigos académicos, prensa, etc. Será necesario, por tanto, manexar bibliografía complementaria que o alumno deberá procurar. Obrigatoriamente, todos os alumnos deberán asistir a, polo menos, unha titoría por tema con motivo de supervisar a elaboración destes traballos. Para evitar o risco de plaxio, non se calificará ningún traballo que non fose pactado, aceptado e titorizado polo profesor.	T3, T2, T4, T14, X1, X2, X3, X8, EE3	45%
Probas eventuais a fin de cada tema Con carácter obrigatorio, e se a docente así o determina, proporase unha proba que consistirá en 1) Comentario de texto teórico 2) Definición de conceptos teóricos e, ocasionalmente, 3) Preguntas de desenvolvemento ensaístico-teórico.	T1, T4, X3, X8, EE2, EE3	45%
Aqueles estudantes que non teñan superada algunha das probas necesarias para aprobar a materia, deberán: 1/ Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria de febreiro (vid. as características do exame no punto anterior); ou 2/ Demostrar, a través da realización dalgunha proba específica ou da repetición dalgún dos traballos non entregados/non superados que o/a alumno/a está en disposición de acadar as competencias non superadas. Será a docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, optándose pola segunda sempre que a ausencia a clase non exceda o 20% e sempre que estea superado, polo menos, o 50% das probas.	T1, T2, T3, T4 X1, X2, X3, X8, EE2, EE3, EE5, EE6	100%
<i>Amnistía ortográfica:</i> Pégase atención á redacción e ás faltas de ortografía nas probas e traballos, pois poden rebaixar a nota en 0,05 puntos por falta en casos de exceso, puntuación que será devolta se o alumno demostra ter superado o problema en probas sucesivas. . .		



<p><i>Política antiplaxio:</i> Calquera copia ou paráfrase directa de traballos publicados en calquera soporte (fundamentalmente internet) implicará un suspenso automático, só recuperábel nas convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria.</p>		
<p>8.2. Avaliación extraordinaria</p>		
<p>Ferramenta / actividade</p>	<p>Competencias avaliadas</p>	<p>Ponderación</p>
<p>A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá nun exame de 2 partes: Parte 1 para os temas 1 e 2: Exame de 10 preguntas de resposta breve. Parte 2 para os temas 3 e 4: Exame que constará de: a) Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario. b) Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-teórica. c) A definición de conceptos e termos explicados no temario.</p> <p>Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.</p>	<p>T1, T2, T3, T4, X1, X2, X3, X8, EI3, EI5, EI6</p>	<p>100%</p>
<p>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</p>		
<p>Ferramenta / actividade</p>	<p>Competencias avaliadas</p>	<p>Ponderación</p>
<p>Consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de: 1.Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario. 2.Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-histórica. 3.A definición de conceptos e termos explicados no temario. Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.</p>	<p>T1, T2, T3, T4, X1, X2, X3, X8, EI3, EI5, EI6</p>	<p>100%</p>
<p>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</p>		
<p>Referencias básicas</p> <p>Bobes Naves, María del Carmen (ed.) (1997): <i>Teoría del teatro</i>, Madrid, Arco Libros. Carlson, Marvin (1993) <i>Theories of the theatre. A Historical and Critical Survey from the Greeks to the Present (Expanded edition)</i>. Ithaca: Cornell University Press. Fischer Lichte, Erika (1999) <i>Semiótica del teatro</i>. Madrid: Arco. Goffman, E. (1994): <i>La presentación de la persona en la vida cotidiana</i>, Buenos Aires, Amorrortu. Kowzan, Tadeusz (1997): <i>El signo y el teatro</i>, Madrid, Arco. López Silva, Inmaculada (2015) <i>Resistir no escenario. Cara a unha historia institucional do teatro galego</i>. Santiago: USC. López Silva, Inmaculada (dir.) (2018) <i>Diccionario Enciclopédico de Termos Escénicos</i>. Santiago: Consello da Cultura Galega. Ferramenta en liña: http://dicionarios.consellodacultura.gal/termosescenicos/ Pruner, Michel (2006): <i>A Fábrica do teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia. Roubine, Jean-Jacques (2003): <i>Introducción ás grandes teorías do teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia. Schechner, Richard (2002): <i>Performance Studies: An Introduction</i>, Londres, Routledge. Trancón, Santiago (2006) <i>Teoría del teatro</i>, Madrid, Fundamentos Ubersfeld, Anne (1996) <i>Lire le théâtre I, II, III</i>. Paris: Belin Vieites, Manuel F. (2005): <i>O teatro</i>, Vigo, Editorial Galaxia.</p>		
<p>Referencias complementarias</p> <p>Aristóteles (1988) <i>Poética de Aristóteles</i>, ed, trilingüe de Valentín García Yebra. Madrid: Gredos. Artaud, Antonin (1978) <i>El teatro y su doble</i>. Barcelona: Edhasa. Badiou, Alain (1994) <i>Rapsodia polo teatro</i>. Santiago: Sotelo Blanco. Baltés, Blanca [ed.] (2002) <i>Jacques Copeau. Escritos sobre el teatro</i>. Madrid: ADE. Boileau, Gilles [1671] (1984) <i>L'art poétique</i>. Paris: Bordas. Bourdieu, Pierre (1995) <i>Las reglas del arte</i>. Barcelona: Anagrama. Brecht, Bertold (2004) <i>Escritos sobre teatro</i>. Barcelona: Alba. Brook, Peter (1986) <i>El espacio vacío. Arte y técnica del teatro</i>. Barcelona: Península. Davis, Tracy C. & Postlewait, Thomas (2003) <i>Theatricality</i>. Cambridge: Cambridge University Press.</p>		



- Eco, Umberto (1986) *La estructura ausente. Introducción a la semiótica*. Barcelona: Lumen.
- Even Zohar, Itamar (1990) "El sistema literario" *Poetics Today* 11: 1
- Fortier, Mark (1997) *Theory / Theatre. An introduction*. London & New York: Routledge.
- Frey, Bruno S. & Pommerehne, Werner W. (1995) *Musas e mercados*. Santiago: Laivento.
- García Barrientos, José Luis (2004) *Teatro y ficción*. Madrid: Fundamentos – RESAD.
- Gerould, Daniel (2000) *Theatre / Theory / Theatre. The Major Critical Texts from Aristotle and Zeami to Soyinka and Havel*. New York: Applause.
- Goldberg, Rose Lee (2002): *Performance art*, Barcelona, Destino.
- Horacio (2006) "Epístola ad Pisones", en *Arte poética y otros textos de teoría y crítica literarias*. Cáceres: Universidad.
- Hubert, Marie-Claude (1998) *Les grandes théories du théâtre*. Paris: Armand Colin.
- Hugo, Victor (1827) Prefacio a *Cromwell*. <http://www.ciudadseva.com/textos/teoria/opin/hugo01.htm>
- Lessing, Ephraïm (1981): *Hamburgische Dramaturgie*, Stuttgart, Reclam.
- Lope de Vega, Felix (1609) *El arte nuevo de hacer comedias*. <http://www.trinity.edu/org/comedia/misc/artnue.html>
- López Silva, Inmaculada (2004) *Teatro e canonización*. Lugo: Tris Tram.
- Marinis, Marco de (1988) *Capire il teatro. Lineamenti di una nuova teatrologia*, Firenze, La Casa Usher.
- Martínez Paramio, Agapito (2006) *Cuaderno de dirección teatral*. Ciudad Real: Ñaque.
- Meyerhold, V. E. (2003) *Teoría teatral*. Madrid: Fundamentos.
- Pavis, Patrice (1990) *Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología*. Barcelona: Paidós.
- Pavis, Patrice (2000): *El análisis de los espectáculos*, Barcelona, Paidós.
- Piscator, Erwin (2001) *El teatro político*. Hondarribia: Hiru.
- Reinelt, Janelle G. & Roach, Joseph R. (1995) *Critical theory and performance*. Michigan: Ann Arbor.
- Sánchez, José Antonio (ed.) (1999) *La escena moderna*. Madrid: Akal.
- Spang, Kurt (1991) *Teoría del drama. Lectura y análisis de la obra teatral*. Pamplona: Universidad.
- Stanislavski, Konstantin (2003) *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la vivencia*. Barcelona: Alba.
- Strasberg, Lee (1987) *A dream of passion. The development of the Method*. Boston: Little, Brown & Co.
- Surgers, Anne (2009) *Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía*. Vigo: Galaxia.
- Trancón, Santiago (2006) *Teoría del teatro*, Madrid, Fundamentos.
- Übersfeld, Anne (1993) *Semiótica teatral*. Madrid: Cátedra
- Vieites, Manuel F. (coord.) (2000) *Animación teatral*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Villegas, Juan (1991) *Nueva interpretación y análisis del texto dramático*. Ottawa: Girol.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

Esta Guía Docente pode verse modificada nalgún punto en virtude das circunstancias do comezo do curso, do desenvolvemento da docencia ou doutros imprevistos, a criterio do docente ou do Departamento de Teoría e Historia das Artes Escénicas e sempre avisando o alumnado dos parámetros de mudanza con antelación e con argumentos xustificadas.